

Charamuscas, a revista de Rafael Dieste na guerra de África

Xosé Ramón Brea Rey

*La soledad del barranco es más profunda
que toda soledahuele, densifica el
aire, le va ligando el corazón con
bramantes, como una pelota. Tiene miedo
de no haber muerto, de que todo esto sea
cierto y quede aún la necesidad
horrenda de morirse.*

Ramón J. Sender

Hai unha etapa no percorrido vital e literario do rianxeiro Rafael Dieste á que non se lle ten dado a importancia que merece, e que se corresponde cos comezos da década dos anos 20. Estoume a referir ós anos en que cumpre o servizo militar en terras africanas, presenza que motivará a súa participación na guerra de Marrocos. Estes anos de xuventude aparecen nos estudos biográficos e artísticos como unha paréntese no discorrer de Dieste, con algunha breve mención ás penurias da guerra. Pero se tentamos profundizar nas súas actividades non militares naquel campamento africano, as noticias son contadas e, aínda máis, se nos detemos na realización da revista *Charamuscas*.

No espazo cronolóxico que vai dende 1921 a 1923 Dieste, xunto con outro rianxeiro marcado pola vocación literaria, Xosé María Brea Segade¹, ademais dun bo fato de mozos da mesma quinta –entre eles, Otero Espasandín, Amado Villar, Jesús Romero, etc– intervirán formando parte do Batallón Expedicionario do Reximento «Zaragoza», acantonado en Santiago de Compostela, que fora enviado a África para reforzar a posición española en terras do Protectorado de Marrocos.

A partida

Logo da fasquía que toman os acontecementos militares como consecuencia da ominosa derrota sufrida en 1921 polas tropas españolas en Marrocos –momento que

1. José María Brea Segade (Taragoña-Rianxo, 1904-1934). Fillo dun tenente da guerra de Cuba, marcha voluntario para o Exército ós 17 anos e de contado é enviado a África, cun batallón expedicionario. Colabora con Dieste e Jesús Romero na redacción da revista *Charamuscas*. De volta a Taragoña traballa como mestre do Pósito de Pescadores, pero sen deixar nunca a creación poética. Morre de tuberculose ós 29 anos de idade.

O seu descubridor é outro rianxeiro, o crego Faustino Rey Romero, quen o dá a coñecer nos círculos literarios. Tamén se interesou pola súa traxectoria literaria o profesor Carballo Calero, quen o considera como o discípulo máis avantaxado de Amado Carballo. A súa produción poética comeza ós 14 anos con composicións de corte costumista, na liña rosaliana, para logo pasar pola etapa modernista e ata chegar ó descubrimento do novecentismo de Amado Carballo. As súas últimas composicións evolucionan cara ó vangardismo, na estética de Manuel Antonio. A morte presentida motivará que destruíse grande parte dos seus escritos. Non chega a publicar ningún libro en vida, aparecendo recollida toda a súa produción, en verso e prosa, en Xosé María Brea Segade, *Poesía e Prosa*, Carme García ed., Concello de Rianxo, 1984.

a Historia recollería baixo a expresiva denominación de «Desastre de Annual»— onde morren preto de oito mil soldados e que sementará o descontento na sociedade española, o Exército envía un contingente de tropas de reforzo, parte do cal embarcará no porto de Vigo con rumbo a Melilla.

Rafael é chamado a quintas —malia que a familia fixo todo o posible por libralo— nuns momentos tremendamente complicados, logo das novas tráxicas que chegaban da campaña africana. O intre da partida recólleo o xovecísimo Brea Segade (voluntario no Exército e sen cumprir os 17 anos) nunha postal enviada á familia de Taragoña (Rianxo)²:

Vigo, 27-7-1921.

D. José Brea.

Querido Padre: Con esta fecha partimos para África; esta postal es la despedida (que quiera Dios no sea la última) de su querido hijo.

Serán dous anos (1921-1923) marcados polo absurdo e a senrazón dunha contenda colonialista na que España se viu inmersa e que rematará co apoio de Francia, logo de varios anos de loita e de miles de mortos.

Brea comparte con Rafael Dieste unha serie de coincidencias xeracionais que van dende a vocación docente (estudios de Maxisterio, por libre o primeiro, e na Escola Normal de Santiago o último) e o compromiso literario e galeguista, ata compartir a experiencia magoante da guerra en terra de mouros. Desta etapa compostelá, cando era un rapaz de quince anos, lembrará ben a fasquía particular de Dieste, polas rúas da cidade, o xornalista Otero Espasandín³, que uns anos máis tarde voltará a coincidir co rianxeiro durante o servizo militar africano.

Os dous rianxeiros comparten tamén con Manuel Antonio o apaixonamento dos anos mozos e a preocupación polos acontecementos históricos que estalan na vella Europa (a guerra do 14, a revolución rusa), así como o entusiasmo polos novísimos movementos estéticos das vangardas. Malia as coincidencias no fervor patriótico, na realidade collerán vías diferentes: Manuel Antonio é a exaltación, a fogosidade xuvenil que o leva a querer enrolarse na Lexión Estranxeira ou a participar na Revolución de Outubro; Brea Segade, o mozo voluntario que acariña a idea de facer a carreira militar (seu pai fora tenente na guerra de Cuba) e Rafael Dieste, o filósofo «profundador» de misterios, que se ve envolto na traxedia africana por mor do servizo militar.

Vai ser neste punto onde se cruce as vidas de Dieste e Brea, que ata o de agora seguiran rumbos paralelos. Así pois, tanto Brea coma Dieste son mobilizados co Batallón Expedicionario do Rexemento de Zaragoza, embarcando en Vigo o día 27 de xullo de 1921. Brea terá problemas coas autoridades militares debido á súa minoría de idade, mais diante da insistencia do mozo recruta e tamén pola premente

2. Xosé María Brea Segade, *Poesía e Prosa*, Carme García ed., Rianxo: Concello de Rianxo, 1984, p. 119

3. Xosé Otero Espasandín, «Apoloxía de Rafael Dieste», *Grial*, nº78, 1982.

necesidade de soldados de reforzo, quedará en terras do Protectorado co resto dos expedicionarios.

Marrocos, final de traxecto

As impresións da guerra son coincidentes nos dous rianxeiros e coñecémolas pola correspondencia que manteñen, coa familia no caso de Xosé María, e con Manuel Antonio no caso de Dieste. Así se expresa este último, dende Melilla⁴, en carta ó autor de *De catro a catro* e coa ironía de quen pretende fuxir da magoante realidade bélica:

Si a tarxeta e o tempo deran máis de si, precuraría agora asombrarte cos perigos imponentes que estou pasando. ¿Qué menor compensación hei de ter que a de asustar un pouco ós amigos con relatos tétricos? Polo pronto básteche saber que xa sentín simblar por riba da trincheira os cañonazos dos mouros; que xa nos é familiar a trama de asubiantes ameazas que teñen as balas contra as nosas testas; que xa durmín na trincheira baixo unha choiva cheia de carraxe (choiva de auga, sen metáfora), etc., etc.

A contestación de Manuel Antonio non podía ser doutro xeito, coñecendo a súa postura de xove loitador e defensor das causas xustas, alá onde estivesen, que non era o caso daquela guerra colonialista que dezmaba o sangue xove das familias campesiñas e obreiras; diralle a Dieste: «¿Quieres rexenerarte? Faite soldado de Abdel-Krim ou fuxe»⁵.

Os dous soldados, Dieste e Brea, comparten con Manuel Antonio a visión dunha guerra absurda que lles é allea e o triste espectáculo dunha España desorientada e vencida («non pode ser máis triste o espeutago de Hespaña y-o do voso sacrificio», en palabras do seu amigo Manuel Antonio⁶). Rafael volverá incidir nas reflexións sobre o seu papel no campo de batalla e noutra misiva, datada en Segangan, o 18 de outubro de 1921 (levaban tres meses de servizo), confesa que sente problemas de conciencia pola súa situación.

Forman parte dunha forza expedicionaria e viven os perigos da fronte militar, as trincheiras, as balas...O seu campamento está en Dar-Drius, unha posición formada por uns poucos barracóns e tendas de campaña, defendidas por un parapeto de sacos terreiros. Alí tamén irá parar o xove Otero Espasandín, quen compartirá a experiencia da guerra neses anos e comezará unha grande amizade con Rafael, relación que seguirá viva moitos anos despois, na *longa noite* do exilio. Así lembra o pontevedrés de Castro (Cerdedo) o emotivo encontro⁷:

Un certo día, xa soldado, vin trasladado a Melilla co Batallón Expedicionario do Reximento de Zaragoza... chegar á tenda da 1ª Compañía, saíron vernos os soldados e, entre eles, estaba Dieste, Rafael Dieste.

4. «Lembrando a Rafael Dieste», *Grial*, nº78, 1982, p. 458.

5. Manóel Antonio, «Correspondencia», en *Obra completa*, D.García Sabell ed., vol. III, Vigo: Galaxia, 1979, pp. 128-129.

6. *Ibidem*.

7. X. Otero Espasandín, art. cit.

Son un fato de amigos que se refuxian nos recordos da terra durante as longas conversas. Mais non é a deles unha visión nostálgica e morriñenta da realidade galega, velaí o importante labor cultural desenvolvido, tanto na creación de medios de expresión propios, os traballos literarios ou o estudio da xeometría, unha disciplina que ocupará toda a vida de Dieste. A paisaxe é deprimente e o futuro aínda máis; tan só evadíndose daquel ambiente se pode sobrevivir. Naquel grupo, ademais de Brea, Dieste e Otero Espasandín, estaban Xesús Romero, Amado Villar, Cambeiro... Os tres primeiros, xunto con Amado Villar, quedaron inmortalizados nunha foto feita o ano 1922 e na que aparecen en traxe de campaña.

Aquel campamento de farrapos vai ser lembrado moitos anos despois por Otero Espasandín nun libro⁸ que é unha pescuda nos anos de mocidade, pero tamén unha emotiva homenaxe a Rafael Dieste:

No pude olvidar este horrendo campamento formado de cosa de una docena de barracones improvisados, tiendas de campaña, un parapeto irregular de sacos terreros que escasamente llegaban a cubrir el pecho, «telderetes» de lona donde los moros «amigos» vendían té o algo así, sazonado con menta,(...) Los tenderetes se habían improvisado con cuatro palos y unos retazos de lona castigados por las tempestades de arena, por el sol de mediodía, el frío de las noches y hasta por algunos proyectiles del «enemigo».

A descrición obxectiva propia dunha crónica xornalística, feita por Espasandín, vai ter o contrapunto no relato de Brea Segade, «Recordos da Campaña»⁹, quen recreará literariamente aquel escenario queimado polo sol e sobre o que a morte parecía planar en voo rasante, tal se un voitre se tratase:

Parecía un niño de pombas... Dúas tendas de campaña, brancas como neveiros asomaban a galleta por cima d-os paredós feitos de sacos e terra.

Peruleiro o monte e callado de charamuscadas rosiñas, c-un carreiriño pálelo pol-o médeo que baixaba a congostra, era Butugarat. Com-un desterro tiña a veces bagullas ou cantares. I-era máis... pois tiña tamén o peligro d-a morte cando unha que outra bala pasaba fendendo os aires c-o seu asubiar de serpente adocida.

A «fuxida» ou a visión da guerra

Non deixa de ser estraño que aquel fato de soldados, unidos polas mesmas inquietudes literarias, en troques de converter a experiencia bélica en materia xornalística ou, cando menos, en inspiración fabuladora, fuxan deliberadamente da realidade africana a se refuxiar na recreación do mundo de seu, na paisaxe e nas xentes da Galicia, igual ca un neno medorento se acocha no regazo da nai. E non só na etapa que pasan en contacto directo coas miserias da guerra, senón que esa

8. X. Otero Espasandín, *Cuentos que me contó Dieste*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1984, p. 65.

9. *Charamuscas*, nº mostrario, Dar-Drius, abril 1922.

realidade tampouco aparecerá na súa produción posterior, agás algúns esporádicos retallos, tal é o caso de Espasandín.

Onde mellor se aprecia esa evasión dos horrores cotiáns, é na correspondencia que manteñen coa familia e cos amigos. Xa vimos en Dieste, como diante da insistencia de Manuel Antonio por saber algo da Guerra, chega a ironizar co gallo de quitarlle importancia –non porque non a teña– senón para non preocupar ó amigo e, de paso, arredarse do que non se quere ver.

Pero, Manolo e o seu curmán Roxerius (familiarmente, Manuel Antonio e Roxelio Pérez), noutra carta recrimínanlle ese ton lixeiro e ledó que Rafael adopta, pois non son capaces de entender –sobre todo coñecendo as tráxicas noticias que os xornais daban da Guerra– que Dieste tome a broma a presenza do perigo e da propia morte. Velá a resposta do filósofo, do home que coa súa seguridade é capaz de ver máis alá cós outros mortais¹⁰:

Os dous vos disgustou esta tranquilidade miña. Ista tranquilidade que as vosas verbas, co poder que as verbas dos amigos que están lonxe, nos loxanos paradisos das nosas ansias, teñen no equilibrio da nosa ánima. Ista tranquilidade que eu consideraba como o mellor froito dos meus vellos pensamentos, das miñas vellas lecturas, de tódalas pesadillas de inferno porque pasou o meu ser, da labor autoeducadora en que puxen quizaves un dos meirandes cariños de que son capaz.

Mais no remate da carta aparece a agardada responsabilidade, o comportamento que os amigos consideran «normal»¹¹:

Mañán saímos a operacións. Poida que vaiamos en primeira liña. E non quixen deixar de escribivros hoxe.

Esa fuxida espiritual é outra das constantes do compañeiro e veciño, Brea Segade, perfectamente constatable na correspondencia¹² que mantén coa súa irmá Rosa. As poucas referencias ás operacións militares están vistas baixo o mesmo prisma ca Dieste; é dicir, minimizándoas en breves notas telegráficas:

Melilla, 23 de outubro de 1921

Querida hermana: Ayer recibí la carta con los apuntes gallegos que te pedí. Deseo que sigas mandándome todos los que poseas.

Estad tranquilos. Yo de salud estoy bien. Ayer se tomó Monte Arruit sin disparar casi un tiro, sólo tiró algo la artillería y los aeroplanos arrojaron alguna bomba.

Nada más hay de nuevo que merezca importancia.

Un abrazo de tu hermano.

10. «Lembrando a ...», art. cit., p. 459.

11. *Ibidem*.

12. «Correspondencia», en Xosé María Brea Segade, ob. cit., p. 124.

Outra mostra que vén corroborar o anterior comentario e que resulta abraiante pola fortaleza e madurez dun mozo de 17 anos, que é quen de pedir á casa libros para escorrenar a saudade¹³.

Segangan, 13 de novembro do 1921.

Así mesmo quero que, sin tardanza, me mandes o libríño de Añón i o «Amor sinxelo» de Fernández Gómez, i a «Espiña» de Curros, pois teño ansias de empregar ben o pouco tempo de folga. Non hai mellor que, contra morriña, morriña.

(A parte) Tomamos Tifazor e máis Yazanen

Neste último fragmento da correspondencia¹⁴, queremos salientar o labor literario durante a campaña e que vai enviar, a xeito de entregas, en todas e cada unha das cartas á familia:

Nador, 7 de Outubro de 1921.

Rosa Brea Segade.

Xunta ca túa carta, recibín unha das meigas páxinas galegas do «Noroeste» que xa ti barruntarás canto me gustou. Espero que cando volvas a esquirbir me mandes outra i algún papeliño que aches comenente pra facer máis levadeiras as poucas horas de folgo que nos venden os nosos maores.

En troques, eu mándoche un anaquiño da noveliña que pouco a pouco vou facendo coa forza dos santos recordos da miña Galicia meiga.

Ninguén diría que están en primeira liña de fogo nunha das guerras máis sanguentas e inhumanas ás que se tiveron que afrontar as tropas españolas. Non nos cadran as vivencias de Brea, Dieste ou Espasandín, que mesmo ocupan o tempo de lecer na confección dunha revista, coas de Ramón J. Sender en *Imán, novela de la guerra de Marruecos* (1930), onde agroma nas súas páxinas o brillo das baionetas e o vermello do sangue mozo parece salferir cada recanto do deserto.

Sender vai facer unha crónica denunciadora da guerra de Marrocos, na que tamén participou no tempo de servicio militar. Coincide con Dieste e os seus amigos na visión da Guerra como unha absurda traxedia; pero afástase definitivamente na descrición dos horrores, cun realismo tan vigoroso e áspero que chega a se converter nun pesadelo ou nunha alucinación:

La mañana de Monte Arruit es indiferente, como todas las mañanas, a la locura y al terror de los hombres (...) Más tiros de artillería y explosiones blandas de granadas. El terror de volver a empezar, de ver nuevamente

13. *Ibidem*, p. 126.

14. *Ibidem*, p. 123.

desgajarse el cielo, hervir la tierra en cien pequeños volcanes. Huir, huir (...) «¿Qué ignorado destino me aguarda? Si me salvo, no me salvo yo, sino un pobre animal cansado, sucio, con el alma apagada. Lo más auténtico de uno se queda por ahí, cara el cielo, muerto y podrido también¹⁵.

Charamuscas: a revista galega de Dar-Drius

Neste ambiente contradictorio, mestura de horror e lecer, vai agromar unha experiencia editorial senlleira, tendo en conta os medios materiais cos que foi feita e, aínda máis, o feito de estar inspirada no lúgubre ambiente das trincheiras e os sacos terreiros, entre o cheiro da pólvora e a presenza arrepiante da morte. Aquela experiencia ten un nome, *Charamuscas*, síntese de fogar e de patria—simbolizada no lume familiar da lareira— mais tamén de guerra e destrucción (o lume dos bombardeos e dos estoupidos dos canóns).

A primeira referencia da revistiña chéganos a través da correspondencia¹⁶ que Brea Segade mantén coa casa familiar rianxeira. Nunha carta a súa nai, sen data, pero que pode asegurarse que é de 1923, coméntalle:

Campamento de Dar-Drius, 23 de Noviembre.

Miña boa nai: Dimpois dunha tempada de silencio (confiando no seu perdón) esquirbo hoxe dous carreiros pra decirlle o de sempre. Que estou ben de saúde e que axiña nos veremos na nosa casa. Agora, como decía a vella, poucas son as malas fadas. Hei de ir a probar o viño novo das nosas viñas de Iñobre i os chourizos do noso cocho i as bolicas do entroido, ¡teño unhas ganas...!

Coido que arestora recibiría miña irmán Rosa unha revista i un libriño que fixemos eiquí tres amigos, nomeado *Charamuscas*, no que teño postos eu tres contos e que supoño lles han de gustar

O propio Dieste lembra así aquela experiencia literaria nunha entrevista realizada por Máximo Sar para o xornal *La Noche*, o 14 de setembro de 1963¹⁷:

Con Brea hice un periódico manuscrito (el era quien lo copiaba y lo ornamentaba) en el lugar que uno menos podrá imaginarse: un fortín corroído por las balas marroquíes y las tempestades de muchos años, y acosado de noche por la rara quejumbre de los chacales. Era el tope de un cerro empinadísimo, el Tariabuchí, ¿qué querrá decir eso en árabe? Nuestro periodiquito era en gallego. Su nombre leve, nada enfático, sugería una cierta estética literaria, pero además tenía la virtud de recordar a la pequeña guarnición el hogar distante... Se titulaba *Charamuscas*.

15. Ramón J. Sender, *Imán*, Barcelona: Ediciones Orbis, 1985, pp. 195-196.

16. «Correspondencia», en Xosé M^o Brea Segade, ob. cit., p. 130.

17. Xesús Santos Suárez, «Como cheguei ó mundo creador de Brea Segade», *Revista Guadalupe-94*, Rianxo.

Como ben di Dieste, aquela sinxela revistiña estaba feita en colaboración con José María Brea Segade, quen ademais do aspecto gráfico tamén colaboraba con traballos en prosa e verso, e hai unha terceira pluma que Rafael non cita, un mozo moi amigo de Brea, natural da parroquia de Beba, en Mazaricos; o seu nome, Jesús Romero Suárez¹⁸, home vinculado tamén ós estudos de Maxisterio en Compostela. Así pois, tres mestres por vocación e tres mestres na creación literaria e o entusiasmo galeguista.

Puidemos ter acceso ó único exemplar que a familia conserva, aínda que incompleto e amosando os avatares do tempo. Este mangado de follas, en tamaño cuarto, ten o valor do reencontro cunha experiencia que coidabamos definitivamente perdida, a do quefacer literario no medio da contenda africana.

A tapa está deseñada por Brea e representa unha paisaxe aldeá de beiramar, onde se conxugan perfectamente o agro e a ría. Uns piñeiros, en primeiro plano, enmarcan unha casa de aldea que se converte no motivo principal. Diante dela e case fóra de plano, as xentes cos trafegos diarios (levando auga na sella, co cesto á cabeza...). Non podía faltar o hórreo e o carro debaixo del para identificar a tópica escena costumista. O fondo está encadrado entre a liña de árbores da ribeira e os montes da lonxanía, onde pode enxergarse un muíño de vento. Os paxaros e as velas de dous barcos completan a escena que, se ben é sinxela, ten todo o significado do fogar albiscado dende terra de mouros.

Na parte superior, en letras maiúsculas, resalta o nome da revista, *Charamuscas*, e a pé de páxina podemos ler os datos do exemplar: Núm. 1 - Drius, Abril de 1923.

Na contratapa atopámos o sumario («Sumãreo») que consta das seguintes composicións:

¡Sanctus! - Refraneiro - Da miña lira torva - Cantigas - O vello que quería ve-lo tren - Da musa popular - Paliques- Atardecer - Unha alma que se vai - Recordos da campaña.

Na revista conservada faltan varias páxinas -non máis de tres- pois non aparecen as composicións tituladas «Da miña lira torva», «Cantigas» e un fragmento de «O vello que quería ve-lo tren». Respecto á primeira delas, o poema «Da miña lira torva», aparece nunha copia realizada pola familia de Brea Segade, polo que supoñemos que é da súa autoría.

A importancia de *Charamuscas*, ademais do valor documental e literario, estriba na súa aportación ó coñecemento da xénese dos contos de Rafael Dieste e, mesmo podemos asegurar, que nestas poucas páxinas xa están diáfanas e vibrantes as notas

18. Jesús Romero Suárez nace en Beba (Mazaricos) o ano 1898 e fai estudos de Maxisterio, exercendo como mestre toda a súa vida. En 1921 é destinado a Marrocos co Batallón Expedicionario de Dieste. Colabora na revista *Charamuscas* e mantén con Brea unha grande amizade que se prolongará logo do regreso á Terra. Na correspondencia co amigo, aparecen algúns relatos de tipo costumista, entre eles «Os bos tempos de Xirome» e «La mendiga». Morre en Guiliade (Betanzos) en xaneiro de 1949.

que van caracterizar a mestría do conto diesteano. Os dous relatos brevísimos –quizais fose máis axeitado falar de proxectos de contos– que conforman «Paliques» («Boa sorte Peito-Duro» e «Fálase dun barco carboeiro») xunto co coñecido relato que aparecerá xa na primeira edición de *Dos arquivos do trasno*, en 1926, «O vello que quería ve-lo tren», amosan esa visión do home galego, entre lírica e comprensiva, que tamén compartía Castelao, e que estará presente en toda a súa produción galega. Nestas composicións de xuventude xa latexa tamén outra das características que definirán a súa narrativa, os finais requintados e anti-climáticos que pechan o conto coas palabras necesarias, dando a impresión de que non se podería facer doutro xeito.

Estelle Irizarry, ó comentar a procedencia dos distintos contos que conforman *Dos arquivos do trasno*, nas edicións de 1926 e 1962, non fai ningunha alusión a estas creacións da etapa africana, posiblemente por non ter acceso a ningún exemplar de *Charamuscas*. Malia o exposto, a investigadora norteamericana parece intuír onde está a esencia dos relatos do primeiro libro de Dieste, cando aclara: «*Dos arquivos do trasno* es una perfecta fusión de tempranas intuiciones y experiencias posteriores»¹⁹.

Volvendo ó «Sumãreo» de *Charamuscas*, a primeira das composicións, «Sanctus...!», da autoría de Brea Segade, é un conto no que se critica a postura egoísta dun crego que sacrifica en aras dunha vocación relixiosa dubidosa, a única filla que o vello Chinto tiña. Este, incapaz de superar a anguria dunha vellez marcada pola soidade, morre de contado mentres,

o señor abade sorría sentado n-o seu balconcelo de pau que emboutaban
algunhas frores tardías, musitando como unha promesa, un resiñado «Sanctus!
Sanctus! Sanctus!».

Vén logo un «Refraneiro» que, xunto con «Da musa popular» e quizais tamén «Cantigas» –que non aparece neste exemplar– teñen como protagonista a cultura popular de tradición oral. No difícil momento en que fan a revista, este mergullamento na Galicia viva das conversas e das cantigas festeiras, tiña que significar para eles o cordón umbilical coa Terra, a esperanza do retorno presentado.

Outra composición que tampouco aparece no exemplar é o poema «Da miña lira torva», da que xa apuntabamos anteriormente que aparece nunha copia familiar, velaí que pensemos que pertence a Brea Segade. Trátase dunha serie de octosílabos con rima consoante encadeada, de corte costumista e identificadores da primeira etapa, rosaliana, do autor:

Negras nubes de trebón
hai no ceo; un chaparrón
cae fero, i a carón
da morrente lumieira,
reza unha vella tristeira,
paseniño, unha oración.

«O vello que quería ve-lo tren», da autoría de Dieste, mantén no fragmento conservado unha case total identidade co texto aparecido na edición de *Dos arquivos do trasno* do ano 1926. Tan só, no intre da partida do tren, cando o autor nos amosa os pensamentos do vello, atopamos na versión feita en Africa unha maior caracterización da tristura que atafega o vello peito dun home que ten vivido moitos anos, pero que descobre que hai máis mundos que el endexamais presentiu:

O vello fala pouco. Vai satisfeito, pro un pouco tristeiro. Naquel mundo que pasara como un lóstrego, sentía escuramente unha atrevida, irreverente bruxería, unha vida sen coto, co vértigo das áxies volteiradas dos títeres nas altas randeiras. ¿Cal era o mundo verdadeiro? ¿Vivira el enganado tantos anos nas altas toxeias? Había máis mundos que o seu. Mundos de bruxería, mundos de arriscados equilibrios, mundos de irreverenza e tamén de maravela. Pro el, xa, ¡malpocado...!

A desilusión, o ton pesimista caracteriza a parte final do relato de Dieste. Este personaxe do vello que ve como esvara a vida, unha vida da que el non intuía que «había máis mundos que o seu», significa a reivindicación do coñecemento, unha chamada ó universalismo e a fuxida do espacio pechado que rodea ó ser humano. Universalismo que neses mesmos anos é o símbolo do traballo cultural desenvolvido polos homes do *Grupo Nós*. Coñecendo a traxectoria de Rafael Dieste non é de estrañar que, xa na etapa africana, tivera deseñado o seu ideal ético para o futuro do país, a mestura de tradición e modernidade, tal e como expresará anos máis tarde, en 1973:

Yo, por mi parte, no entiendo cómo se puede ser progresista sin ser tradicionalista, ni tampoco a la inversa. La tradición paralizante, o traducida en fórmulas meramente reactivas, con ignorancia de sus propias fuentes, no es tradición (entrega, transmisión) de nada²⁰.

Tamén son da autoría de Dieste, como xa apuntabamos, dous relatos moi curtos, que teñen como protagonistas a dous homes marcados pola traxedia da emigración, aínda que vistos dende distintos prismas. Aparecen os dous relatos baixo o epígrafe de «Paliques», título que lle acae moi ben dada a faceta de Rafael como un grande conversador. No primeiro deles, «Boa sorte Peito-Duro», o protagonista representa a loita pola supervivencia; pero se na primeira viaxe que fai a Buenos Aires tenta facer cartos para pagar as débedas e, na segunda viaxe, gañar para unha casa, agora na terceira, a fin xa é menos relevante, porlle os balcóns á casa. Esa postura vital do emigrante que mestura subsistencia cunha certa fachenda de triunfador, lévanos a aquela *cousa* de Castelao, na que «o Rifante» vai pedir os cartos prestados para botarlle un balcón novo á casa, co gallo de que non se soubese que na súa casa estaban pasando fame. Este relato de Castelao, incluído en *Cousas*, no ano 1926, debe ser de elaboración posterior ó de Dieste que aparece no número feito en 1923. Penso que os dous rianxeiros non fan máis que recoller unha mostra viva da sociedade rianxeira

20. «Carta a Francisco Caudet» (A Coruña, 11 de mayo de 1973), en Rafael Dieste, *Testimonios y homenajes*, Barcelona: Laia, 1983, p. 22.

de principios de século. Dieste, nunha especie de complicidade co personaxe, non exenta de ironía, deséxalle que a sorte lle sexa favorable:

E neste que agora vai faguer leva mentres de ganar pros balconcelos de ferro que á casa ten de lle pór. Antrementres non volva, o chao das balcoadas istá sen antepeito, e dá medo ós rapaciños que avican dindo fondo dos vidraes...
¡Boa sorte, Peitoduro!

O segundo conto de «Paliques» é o celme dun dos relatos máis característicos de *Dos arquivos do trasno*, refírome ó que leva por título «O vello Moreno», aínda que aquí está moito menos elaborado, a xeito de borrador do que será a súa versión definitiva. Titúlao Dieste «Fálase dun barco carboeiro», e volve ser o protagonista un emigrante, pero non dos típicos americanos. Agora trátase dunha emigración de mariñeiros, de homes que marchaban á navegación e botaban varios anos enriba das ondas do mar, e mentres, as mulleres quedaban soas facéndolle fronte á vida.

A técnica narrativa de Dieste espállase polo relato, enchéndoo todo dunha buscada ambigüidade, tal e como se contaría a conducta da muller entre as xentes do pobo. A acusación de infidelidade centra o clímax da historia e o barco carboeiro, camiño das Indias, simboliza a decisión do mariñeiro, a asunción da magoante realidade. O propio narrador, nun xogo de perspectivas, implícase no remate do conto amplificando o sentimentalismo dunha historia vivida:

Tamén sábese que o home que viña pro seu lar, falou na Cruña cun vello amigo. Eu... máis non vos sei. Soio hei de dicirvos que o home non chega e que a muller anda cas pálpebras roxas. Fálase dun barco carboeiro que saiu pra Bombay. Eu non vos sei nada. Pro unha eistrana tristura apértame a gorxa.

Vén de seguido a única composición de Jesús Romero Suárez, o terceiro colaborador da publicación, e que el titula «Atardecer». Trátase dunha descrición do ambiente africano que envolve o campamento de Dar-Drius á chegada da noite. A saudade da paisaxe galega identifícase coa calma da posición militar:

O sol vai esmorecendo pra acocharse tralo pico máis alto do monte Mauro. As anduriñas revoan dunha oliveira noutra, buscando a galla máis xeitosa pra cobizarse durante a noite. Oise ó lonxe o ladrado dos cans, os queixidos dos chacales i o tartaleo da xente nas kabilas, dando todo sinais de que a noite se vai envolvendo baixo o seu negro mantelo.

Na mesma páxina que a composición anterior aparece o poema «Unha alma que se vai», formado por tres estrofas de catro versos octosílabos, con rima asonante nos pares, na máis pura liña costumista. A morriña refúxiase baixo a presenza tutelar das cantigas da nai e dos rezos das campás da igrexa. Asina os versos, José de Pazos Vela Hidalgo, pero por baixo pode lerse o nome de Brea Segade, polo que debe de tratarse dun pseudónimo deste último.

Ponlle o ramo á revista *Charamuscas* a descrición que Brea fai do campamento militar e da que xa fixemos mención nas páxinas anteriores. O seu título, «Recordos

da campaña», texto nunha prosa descritiva e con resonancias poéticas que nos amosa a tristura dunha guerra absurda baixo o sol de chumbo do deserto africano. No final, a interrogación retórica fai reflexionar sobre a terrible experiencia que debeu de ser para aqueles mozos, afeitos ás tertulias literarias e ás longas disertacións filosóficas, a presenza obsesiva da Morte, unha compañeira que compartiu o día e a noite durante dous longos e arrepiantes anos:

Alí, no camiño, miramos pra riba: o monte parecía pelado e maldito. Sen o niño de pombas (uns paredós de sacos e terra con dúas tendas de campaña, brancas como neboeiros) e sin nós, Butugarat parecía que non tiña xa o peligro da morte como antes; ¿ou será, quizais, que vai a morte con nós a donde queira que nós vaiamos?

Epílogo

Dieste e os seus compañeiros de armas e pluma lograrán superar a etapa da guerra de Marrocos e voltarán reencontrarse coa paisaxe natal a principios de 1924. Mais o que non intuían eles era que a estancia en Marrocos había significar unha primeira andadura, prólogo dunha nova contenda, aínda máis trágica, como foi a Guerra Civil española. E por se aínda non fora abondo, Dieste e Otero Espasandín viven a amarga estancia no campo de concentración de Saint-Cyprien (Francia), nos primeiros meses de 1939 e, logo, o exilio americano.

Mais, daquela experiencia africana, non só aprenderon a sobrevivir en condicións infrahumanas, senón que tamén comprenderon o significado de palabras como inxustiza, absurdo ou desilusión. Na seguinte carta a Manuel Antonio, datada o 12 de agosto de 1923, no campamento de Dar-Drius, Rafael Dieste sintetiza en catro liñas a frustrante visión da Guerra²¹:

¿Que queres que che diga de frica? Sol, moito sol, barracas derrengadas, trompetas, camións, fantásticas polveiradas e alá lonxe unha grotesca perspectiva de guiñol: ministros que caen, ministros que suben, discursos...

Compréndese tamén, chegados a este punto, a importancia que tivo a revista *Charamuscas* para Dieste e os seus compañeiros, como axuda para lle poder facer fronte a aquel neboeiro humillante dunha contenda que os deshumaniza e lles tronza o soporte social, a eles que eran homes con conciencia de grupo. Fundamental pois, a axuda psicolóxica que significou aquela ducia escasa de follas tamaño cuarto, para manter inalterable a fe no ser humano e para *fluxir* dunha realidade demasiado negra como para ser asumida por un fato de mozos que empezaban a vivir.

Xosé Ramón Brea Rey
I. B. Carril
Vilagarcía de Arousa